



**VÍAS DE ACCESO Á FORMACIÓN  
DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE  
DE NIVEL 2 E 3  
DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL**

|   |           |
|---|-----------|
| <b>1. Introducción.....</b>   | <b>3</b>  |
| <b>2. Acceso á formación dos certificados de profesionalidade a través de titulacións/acreditacións e certificacións válidas.....</b> | <b>5</b>  |
| ➤ Nivel 2   |           |
| ➤ Nivel 3   |           |
| <b>3. Acceso á formación dos certificados de profesionalidade a través das competencias clave.....</b>                                | <b>9</b>  |
| <b>3.1. As probas de competencias clave.....</b>  | <b>9</b>  |
| <b>3.2. Formación específica en competencias clave.....</b>   | <b>10</b> |
| <b>4. Validacións/exencións de competencias clave.....</b>  | <b>11</b> |
| <b>4.1 Validacións por ter estudos regrados e probas do sistema educativo.....</b>  | <b>11</b> |
| ➤ Nivel 2   |           |
| ➤ Nivel 3   |           |
| <b>4.2 Exencións da competencia de Comunicación en lingua Galega.....</b>   | <b>13</b> |
| ➤ Nivel 2   |           |
| ➤ Nivel 3   |           |
| <b>4.3. Outras Validacións.....</b>   | <b>17</b> |
| <b>5. Certificados de profesionalidade que requiren a competencia en linguas estranxeiras .....</b>                                   | <b>18</b> |
| <b>6. Lexislación.....</b>  | <b>21</b> |

Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa polo que calquera dúbida ou contradición resolverase atendendo á normativa vixente. Así mesmo, no que atinxe aos requisitos de acceso aos ciclos de grao medio e superior, estarase ao que estableza a consellería competente en materia de educación.

## 1. INTRODUCCIÓN

O Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, regula os certificados de profesionalidade e foi modificado mediante os Reais Decretos 1675/2010, do 10 de decembro e 189/2013, do 15 de marzo e posteriormente desenvolvido na Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

Os certificados de profesionalidade acreditan cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Para obter a acreditación da cualificación profesional de que se trate e poder solicitar despois o correspondente certificado de profesionalidade hai dúas vías:

- **Vía do procedemento para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación;** logrando a acreditación oficial de todas as unidades de competencia do certificado de profesionalidade correspondente.
- **Vía formativa** : realizando un curso de formación profesional para o emprego no que se superen de todos os módulos formativos ou mediante a acumulación das acreditacións parciais dos módulos formativos, incluído o módulo de prácticas non laborais asociados ás unidades de competencia do certificado de profesionalidade.

Os certificados de profesionalidade terán carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

A información contida neste documento refírese exclusivamente á obtención dos certificados de profesionalidade pola vía formativa, é dicir, a través dos cursos de formación para o emprego dirixidos á obtención dun certificado de profesionalidade autorizados pola Dirección xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade e impartidos a través da rede de centros propios e de centros acreditados por esta consellería. En concreto os cursos dirixidos ás persoas desempregadas, como a formación dirixida ás persoas traballadoras en activo, ou a formación en Escolas obradoiro, Obradoiros de emprego ou os contratos para a formación e aprendizaxe.

Para acceder a estes cursos é necesario cumprir os requisitos formativos que estableza cada certificado de profesionalidade e que están asociados a un nivel de cualificación, é dicir, posuír unha formación mínima para poder inscribirse neste cursos de formación.

En función do nivel de cualificación de cada certificado de profesionalidade, os requisitos de acceso á formación varía.

O Real decreto 189/2013, do 15 de marzo, recolle cales son os requisitos que deben cumprirse para acceder á formación dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade, así:

- Para acceder ás accións de formación dos certificados de profesionalidade de nivel 1 de cualificación non se lles esixirán requisitos académicos nin profesionais.

- Para acceder ás accións de formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación esixírase:

1. Posuír determinadas **titulacións, acreditacións ou certificacións** que se relacionan na epígrafe 2 deste documento.

2. E para as persoas que non dispoñan desas titulacións mínimas esixidas, deben **conseguir primeiro as competencias clave necesarias**, a través de :

- Superación das probas de competencias clave segundo se especifica na epígrafe 3, convocadas polo Instituto Galego das Cualificacións.
- Ou da superación de cursos específicos de competencias clave debidamente autorizados pola Dirección Xeral de Formación e Colocación. Desta forma, a formación específica en competencias clave funciona como “ curso ponte” para acceder aos certificados de profesionalidade.

## 2. ACCESO Á FORMACIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE A TRAVÉS DE TITULACIÓNS/ACREDITACIÓNS E CERTIFICACIÓNS VÁLIDAS

A Orde do 7 de xaneiro de 2014 establece os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional e regula as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG* núm. 9 do 15 xaneiro).

No artigo 2 establece os requisitos que as persoas aspirantes deberán cumprir para acceder a formación dos certificados elaborados en base ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais (CNCP).

### NIVEL 2 DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL

Para acceder a formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2, as persoas aspirantes deberán cumprir **algún** dos seguintes requisitos:

- ▶ Estar en posesión do título de graduado/a en educación secundaria obrigatoria.
- ▶ Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade ao que se desexa acceder.
- ▶ Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.
- ▶ Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou para maiores de 45 anos.
- ▶ Ter as competencias clave de nivel 2 para cursar con aproveitamento a formación correspondente ao certificado de profesionalidade. Estas competencias clave acreditaranse ou ben por ter superadas as probas de avaliación en competencias clave convocadas pola Consellería de Emprego e Igualdade ou ben por ter superadas con avaliación positiva accións formativas correspondentes a competencias clave de nivel 2 que figuren no ficheiro de especialidades formativas do Servizo de Emprego Público Estatal.
- ▶ Cumpri o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio, ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso convocadas polas administracións educativas. O acceso aos ciclos de grao medio requirirá estar en posesión de, polo menos, un dos seguintes títulos, certificados ou condicións, según

a información que pode consultarse no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/fp/admision-grao-medio>

- Posuír o título da ESO ou titulacións equivalentes para efectos de acceso a ciclos.
  - Posuír o título profesional básico.
  - Posuír o título de técnico.
  - Posuír o título de técnico superior ou técnico especialista.
  - Posuír o título de técnico auxiliar.
  - Ter aprobado o segundo curso de bacharelato unificado polivalente (BUP) ou ter un máximo de dúas materias pendentes no conxunto dos dous primeiros cursos.
  - Posuír o título de bacharelato superior.
  - Posuír o título de bacharelato
  - Ter superado o segundo curso do primeiro ciclo experimental da reforma das ensinanzas medias (REM).
  - Ter superado o terceiro curso do plan de 1963 das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos ou o segundo de comúns experimentais.
  - Ter superados os módulos obrigatorios dun Programa de cualificación profesional inicial (PCPI).
  - Ter superado o curso de formación específico para o acceso a ciclos formativo de grao medio en centros públicos ou privados autorizados pola Administración educativa.
  - Posuír unha titulación universitaria ou equivalente, para efectos académicos.
  - Ter superados outros estudos declarados equivalentes, para efectos académicos, con algúns dos anteriores.
  - Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
  - Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio ou grao superior.
- ▶ Ter superados estudos regrados e probas do sistema educativo que se recollen no apartado 4.1 deste documento.

- ▶ Calquera titulación, certificación ou acreditación que de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 3 de cualificación.
- ▶ Outros estudos declarados equivalentes a efectos académicos con algún dos anteriores. (A título de exemplo e sen carácter exhaustivo: Título de técnico deportivo, Título de técnico de artes plásticas e deseño, Título de técnico militar, Oficial industrial).

### NIVEL 3 DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL

Para acceder a formación dos certificados de profesionalidade de nivel 3, as persoas aspirantes deberán cumprir **algún** dos seguintes requisitos:

- ▶ Estar en posesión do título de bacharelato.
- ▶ Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel ou módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade a que desexa acceder.
- ▶ Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- ▶ Ter as competencias clave de nivel 3 para cursar con aproveitamento a formación correspondente ao certificado de profesionalidade. Estas competencias clave acreditaranse ou ben por ter superadas as probas de avaliación en competencias clave convocadas pola Consellería de Emprego e Igualdade ou ben por ter superadas con avaliación positiva accións formativas correspondentes a competencias clave de nivel 3 que figuren no ficheiro de especialidades formativas do Servizo de Emprego Público Estatal.
- ▶ Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou para maiores de 45 anos.
- ▶ Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao superior, ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso convocadas polas administracións educativas. O acceso aos ciclos de grao superior requirirá estar en posesión de, polo menos, un dos seguintes títulos, certificados ou condicións, segundo consta na información que pode consultarse no seguinte enlace <http://www.edu.xunta.gal/fp/admision-grao-superior> :
  - Título de bacharelato ou equivalente para efectos de acceso a ciclos.
  - Título de técnico de formación profesional (ciclo formativo de grao medio).

- Título de técnico especialista, de técnico superior ou equivalente para efectos académicos.
  - Titulación universitaria ou equivalente para efectos académicos.
  - Ter superado o segundo curso de calquera modalidade de bacharelato experimental.
  - Ter superado o curso de orientación universitaria (COU) ou preuniversitario (PREU).
  - Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
  - Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao superior.
- ▶ Ter superados estudos regrados e probas do sistema educativo que se recollen no apartado 4.1 deste documento.
  - ▶ Outros estudos declarados equivalentes a efectos académicos con algún dos anteriores.

***Nota . Acceso a través doutros certificados de profesionalidade:***

- Superar un certificado de nivel 1 permite cursar un certificado de nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- Superar un certificado de nivel 2 permite cursar un certificado de nivel 3 da mesma familia e área profesional.
- Ter un certificado do mesmo nivel profesional.

Pódense consultar as diferentes ÁREAS PROFESIONAIS no portal de competencias clave.



### 3. ACCESO Á FORMACIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE A TRAVÉS DAS COMPETENCIAS CLAVE

Cando a persoa non reúne os requisitos de titulación mínima esixida indicadas no apartado 2 deste informe, para acceder a formación dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade de nivel 2 ou de nivel 3 terá que demostrar que posúe as competencias clave. Lémbrese que para acceder a certificados de profesionalidade de nivel 1 non se esixen requisitos nin académicos nin profesionais.

Na Comunidade Autónoma de Galicia as competencias clave que se esixirán para os certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación, publicados a partires do 4 de setembro de 2008, serán ás seguintes:

- ▶ Comunicación en Lingua Castelá.
- ▶ Comunicación en Lingua Galega.
- ▶ Competencia Matemática.
- ▶ Comunicación en Linguas Estranxeiras (consultar na epígrafe 5 deste documento) as especialidades formativas que requiren un módulo de lingua estranxeira).

Para demostrar que se posúen as competencias clave existen dúas vías:

- ▶ Presentarse as probas que convoca a Consellería de Emprego e Igualdade, ou
- ▶ Cursar e superar as accións formativas sobre competencias clave

A superación da formación en competencias clave terá validez para o acceso a todos os módulos formativos que requiran esa competencia, pero carece de validez, a efectos de convalidación, para a formación profesional do ámbito educativo.

#### 3.1 As probas de competencias clave

Tal e como se establece no artigo 5 da Orde do 7 de xaneiro de 2014 pola que se regulan estas probas, a Dirección Xeral de Formación e Colocación a través do Instituto Galego das Cualificacións, convocará probas de avaliación das competencias clave polo menos unha vez ao ano.

A inscrición para participar nestas probas, efectuarase mediante solicitude ao Instituto Galego das Cualificacións, no modelo de solicitude que se estableza na correspondente orde de convocatoria e dentro dos prazos e lugares que se especifique na mesma.

Realízase unha proba por cada competencia clave de cada nivel de cualificación, esta será común a todos os certificados de profesionalidade do correspondente nivel, e nela a persoa aspirante deberá demostrar que posúe os coñecemento e habilidades suficientes para cursar con aproveitamento o certificado de profesionalidade.

A competencia clave demostrada mediante a superación da correspondente proba de avaliación servirá para o acceso a todos os módulos formativos que requiren esa competencia, pero carece de validez, a efectos de convalidación, para a formación profesional do ámbito educativo.

Cando non se supere a proba de avaliación poderá accederse a unha acción formativa específica, onde se poderán aprender os coñecementos e habilidades establecidos na competencia clave correspondente.

### **3.2 Formación específica en competencias clave**

Outra vía de obter as competencias clave é de cursar e superar a formación en competencias clave. Esta formación ten por finalidade proporcionar una capacitación básica, aplicada e breve, que posibilite o acceso ao curso do certificado de profesionalidade a aquelas persoas que carezan dalgunha das acreditacións requiridas nos criterios de acceso aos módulos, ou que non se presentaran ou non superaran as probas de avaliación en competencias clave.

As persoas candidatas deberán realizar tantos bloques formativos como competencias clave desexe ou necesite acreditar.

A Dirección xeral de Formación e Colocación autoriza impartir estas accións formativas de competencias clave tanto aos centros propios como as diferentes entidades de formación acreditadas, en función das necesidades detectadas e adoptando cantas medidas sexan necesarias para que a oferta de formación en competencias clave sexa ampla, permanente e accesible.

As accións formativas vinculadas ás competencias clave están incluídas no Catálogo de especialidades formativas pertencentes ao subsistema da Formación Profesional para o Emprego, englobados na familia profesional de Formación Complementaria e réxense pola normativa dese catálogo.

A información e a inscrición para participar nos cursos realizarase nos lugares e medios habituais de inscrición a cursos do subsistema de Formación Profesional para o emprego (oficinas de emprego, centros de formación, etc.).

As persoas que superen a formación en competencias clave con avaliación positiva recibirán un diploma acreditativo.

A superación da formación en competencias clave terá validez para o acceso a todos os módulos formativos que requiran esa competencia, pero carece de validez, a efectos de convalidación, para a formación profesional do ámbito educativo.

## 4. VALIDACIÓNS /EXENCIÓNS DE COMPETENCIAS CLAVE

### 4.1 Validación das competencias clave necesarias para a obtención dos certificados de profesionalidade de NIVEL 2 por ter superados estudos regrados ou probas do sistema educativo

| Competencia clave                  | Módulos IV das ensinanzas de secundaria para persoas adultas (Orde do 24 de xuño de 2008) <sup>1</sup> | Módulos IV das ensinanzas de secundaria para persoas adultas (Orde do 26 de maio de 1997) <sup>1</sup> | Probas libres para a obtención do graduado en secundaria (Orde do 19 de febreiro de 2009) <sup>2</sup> | Materias de 4º curso de educación secundaria obrigatoria <sup>1</sup> | Materias de 2º de BUP ( Lei 14/1970, do 4 de agosto) <sup>1</sup> | Probas de acceso a ciclos de grao medio (Orde do 2 de decembro de 2008) <sup>3</sup> |
|------------------------------------|--|--|--|---|---|--|
| Comunicación en Lingua Galega      | Ámbito de comunicación   | Ámbito de comunicación   | Probas do ámbito da comunicación   | Lingua Galega e Literatura  | Lingua Galega e Literatura  | Exención ou superación da parte sociolingüística                                     |
| Comunicación en Lingua Castelá     | Ámbito de comunicación   | Ámbito de comunicación   | Probas do ámbito da comunicación   | Lingua Castelá e Literatura   | Lingua Española e Literatura                                      | Exención ou superación da parte sociolingüística                                     |
| Comunicación en Lingua Estranxeira | Ámbito de comunicación   | Ámbito de comunicación   | Probas do ámbito da comunicación   | Primeira ou segunda Lingua Estranxeira                                | Lingua Estranxeira  | -----<br>---   |
| Competencia Matemática             | Ámbito científico-tecnolóxico  | Ámbito tecnolóxico - matemático  | Probas do ámbito científico-tecnolóxico  | Matemáticas   | Matemáticas   | Exención ou superación da parte matemática   |

<sup>1</sup>Acreditarase a través de certificación académica expedida por un centro público.

<sup>2</sup>Acreditarase a través do certificado de superación das probas libres para a obtención do graduado en secundaria.

<sup>3</sup>Acreditarase a través do certificado de realización das probas de acceso a grao medio.

**Nota:** Esta táboa podería ter modificacións ou novas validacións ditadas pola Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional, de ser o caso.

### Validacións das competencias clave necesarias para a obtención dos certificados de profesionalidade de NIVEL 3 por ter superados estudos regrados ou probas do sistema educativo

| Competencia clave                  | Materias de 2º curso de bacharelato <sup>1</sup>              | Materias de 3º de BUP ou de COU <sup>1</sup> | Probas de acceso a ciclos de grao superior <sup>2</sup><br>(Orde do 2 de decembro de 2008) |
|------------------------------------|---|--|--|
| Competencia en Lingua Galega       | Lingua Galega e Literatura II                                 | Lingua Galega ou Literatura Galega           | Superación ou exención de parte común  |
| Competencia en Lingua Castelá      | Lingua Castelá e Literatura II                                | Lingua Española                              | Superación ou exención de parte común  |
| Comunicación en Lingua Estranxeira | Lingua Estranxeira II   | Lingua Estranxeira                           | Superación ou exención de parte específica (opción A)                                      |
| Competencia Matemática             | Matemática II ou matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II | Matemática I ou Matemáticas II               | Superación ou exención de parte común  |

<sup>1</sup>Acreditarase a través de certificación académica expedida por un centro público.

<sup>2</sup>Acreditarase a través do certificado de realización das probas de acceso a grao superior.

**Nota:** Esta táboa podería ter modificacións ou novas validacións ditadas pola Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional, de ser o caso.

## 4.2 Exencións ás probas de avaliación das competencias clave en comunicación en lingua galega, nivel 2 e 3 de cualificación profesional

Estarán exentas de presentarse ás probas de avaliación na competencia clave de Comunicación en Lingua Galega de nivel 2 e 3 de cualificación profesional as persoas aspirantes que presenten algún destes requisitos:

### NIVEL 2

- Cumprir algún dos requisitos de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 2 que se recollen no epígrafe 2 deste documento.
- Estar en posesión do certificado Celga 2.
- Título de graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de Lingua Galega en todos os cursos dos ditos estudos ou ben que se superase a materia de Lingua Galega nas probas libres tendentes a esta titulación.
- Título de graduado escolar obtido por equivalencia cos estudos da ESO, ao abeiro do Anexo I do Real decreto 986/1991, sempre que se cursase e aprobase a materia de Lingua Galega en todos os cursos.
- Certificado de ter cursada e aprobada en Galicia de maneira oficial a materia de Lingua Galega en todos os cursos da educación primaria e máis en dous cursos da ESO.
- Certificado de ter cursadas e aprobadas as materias de Ciencias Sociais e as materias optativas de galego da ESO nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, suscrito entre ambas as dúas comunidades.
- Certificado de ter cursada e aprobada a materia optativa de Lingua Galega en primeiro e segundo de bacharelato do Instituto Español Vicente Cañada Blanch de Londres, sempre que se teñan superadas as materias optativas de Lingua Galega en primeiro, segundo e terceiro da ESO ou se estea en posesión do Celga 1.
- Certificado de ter cursadas e aprobadas nos sete cursos do nivel primario as materias correspondentes a cada curso de Lingua Galega e Literatura Galega e máis o certificado de ter cursadas e aprobadas nos tres primeiros cursos do nivel secundario as materias correspondentes a cada curso de Lingua e Literatura Galega, xunto coas de Historia e as de Xeografía de Galicia no Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires.

- Certificación oficial de ter superado o nivel intermedio (B1) das ensinanzas de galego da Escola Oficial de Idiomas expedida consonte ao establecido no Decreto 191/2007.
- Certificado do curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia, ata o 1 de setembro de 2007.
- Certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED ata o 1 de setembro de 2007.
- Superar estudos regrados e probas do sistema educativo que se recollen no anexo II deste informe, no relativo á competencia clave de Comunicación en Lingua Galega para o nivel 2.
- Calquera certificación oficial que acredite ter adquiridos os coñecementos na competencia clave de Comunicación en Lingua Galega de nivel 3 de cualificación.
- Superar con avaliación positiva unha acción formativa de competencia clave en Lingua Galega de nivel 2 dentro das especialidades formativas aprobadas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.
- Outras acreditacións declaradas equivalentes ou superiores con algunha das anteriores.

### NIVEL 3

- Cumprir algún dos requisitos de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 3 que se recollen no epígrafe 2 deste informe.
- Estar en posesión do certificado Celga 3.
- Título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP1), sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase e aprobase de maneira oficial a materia de Lingua Galega en todos os cursos dos ditos estudos (ou, de ser o caso, se se superou a materia de Lingua Galega nas probas libres tendentes á titulación de FP1). Tamén se o título de ESO se obtivo despois de estudar un ano fóra de Galicia, sempre que non sexa o derradeiro.
- Título de graduado en ESO se o título se obtivo superando o ámbito de comunicación no que estea incluída a materia de Lingua Galega en todos os cursos da educación secundaria para persoas adultas, nas probas libres para a obtención do graduado en ESO realizadas na Comunidade Autónoma de Galicia ou nos módulos formativos de carácter voluntario conducentes ao título de graduado en ESO do Programa de cualificación profesional inicial.

- Título de graduado en ESO se o título se obtivo superando en Galicia de maneira oficial a materia de Lingua Galega en primeiro e segundo de ESO e o ámbito lingüístico e social -no que estea incluída a materia de Lingua Galega- do Programa de diversificación curricular. Se o alumno ou alumna se incorporó ao Programa de diversificación curricular en cuarto de ESO, deberá ter aprobada a materia de Lingua Galega en 3º de ESO.
- A equivalencia co título de graduado en ESO por ter estudos parciais do bacharelato unificado polivalente, sempre que se cursase e superase a materia de Lingua Galega de 7º e 8º de EXB a partir do curso 1979-1980 e que ningunha das materias que se admite ter pendentes nos dous primeiros cursos do bacharelato sexa de Lingua Galega.
- Certificado de ter cursadas e aprobadas as materias de Ciencias Sociais e as materias optativas de galego na ESO e no bacharelato nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación previsto no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e de Castela e León, suscrito entre ambas as dúas comunidades. Se só se teñen cursadas e aprobadas as materias de bacharelato, poderá obterse tamén a validación do Celga 3 se se acredita estar en posesión do Celga 2.
- Certificado de ter cursadas e aprobadas as materias de Lingua e Literatura Galega en 4º e 5º do nivel secundario no Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires, sempre que se conte co Celga 2 ou coa súa validación.
- Certificado do ciclo elemental de galego expedido pola Escola Oficial de Idiomas ao abeiro do Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro.
- Certificación oficial do nivel avanzado (B2) das ensinanzas de galego da Escola Oficial de Idiomas expedida consonte ao Decreto 239/2008, do 25 de setembro.
- Estar en posesión do certificado de aptitude dos cursos de iniciación de Lingua Galega (segundo a Orde do 10 de febreiro de 2014).
- Superar estudos regrados e probas do sistema educativo que se recollen no anexo II deste informe, no relativo á competencia clave de Comunicación en Lingua Galega para o nivel 3.
- Superar con avaliación positiva unha acción formativa de competencia clave en Lingua Galega de nivel 3 dentro das especialidades formativas aprobadas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

- Outras acreditacións declaradas equivalentes ou superiores con algunha das anteriores.



### 4.3 Outras validacións

#### Exención da competencia clave de Comunicación en Lingua Estranxeira

- **Nivel 2**

Poderase acreditar a competencia clave de Comunicación en Lingua Estranxeira mediante un certificado oficial que se corresponda como mínimo cun nivel de usuario intermedio A2 do MCERL da lingua estranxeira en cuestión, as súas equivalencias ou validacións oficiais.

- **Nivel 3**

Poderase acreditar a competencia clave de Comunicación en Lingua Estranxeira mediante un certificado oficial que se corresponda como mínimo cun nivel de usuario intermedio B1 do MCERL da lingua estranxeira en cuestión, as súas equivalencias ou validacións oficiais.

- **Casos especiais**

- As persoas que teñan a seguinte certificación, quédanlle validadas as competencias clave requiridas, aos efectos de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 2: Certificación académica na que conste que se superaron todas as materias de 5 cursos do bacharelato do Plan do 1957.

- Os títulos de universidades públicas e privadas que non son de carácter oficial (títulos propios) **non** son válidos para o acceso aos certificados de profesionalidade.

- Homologacións e inscricións condicionais de estudos estranxeiros deberá ter concedida a homologación para poder inscribirse nos cursos.

## 5. CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE QUE REQUIREN A COMPETENCIA EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

| <b>FAMILIA PROFESIONAL: Administración e xestión</b> |   |                                   |
|--|---|-----------------------------------|
| <b>Certificado de profesionalidade</b>               |   | <b>Lingua estranxeira</b>         |
| <b>Código</b>  | <b>Denominación</b>   |                                   |
| ADGG0108   | Asistencia á dirección - nivel 3  | Inglés e outra Lingua Estranxeira |
| ADGG0208   | Actividades administrativas na relación co cliente – nivel 2                  | Lingua Estranxeira                |
| ADGN0208   | Comercialización e administración de produtos e servizos financeiros –nivel 3 | Lingua Estranxeira                |
| ADGN0110   | Xestión comercial e técnicas de seguros e reaseguros privados- nivel 3        | Lingua Estranxeira                |
| <b>FAMILIA PROFESIONAL: Comercio e márketing</b>     |   |                                   |
| <b>Certificado de profesionalidade</b>               |   | <b>Lingua estranxeira</b>         |
| <b>Código</b>  | <b>Denominación</b>   |                                   |
| COML0109   | Trafico de mercadorías por estrada – nivel 3                                  | Inglés                            |
| COML0209   | Organización do transporte e a distribución – nivel 3                         | Inglés                            |
| COML0210   | Xestión e control do aprovisionamento – nivel 3                               | Inglés                            |
| COML0211   | Xestión comercial e financeira do transporte por estrada – nivel 3            | Inglés                            |
| COMM0110   | Márketing e compravenda internacional – nivel 3                               | Inglés e outra Lingua Estranxeira |
| COMM0112   | Xestión de márketing e comunicación – nivel 3                                 | Inglés                            |
| COMT0110   | Atención ao cliente, consumidor ou usuario - nivel 3                          | Inglés                            |
| COMT0111   | Xestión comercial inmobiliaria – nivel 3                                      | Inglés                            |
| COMT0210   | Xestión administrativa e financeira do comercio internacional – nivel 3       | Inglés                            |
| COMT0411   | Xestión comercial de vendas - nivel 3   | Inglés                            |
| COMV0108   | Actividades de venda – nivel 2  | Inglés                            |

| <b>FAMILIA PROFESIONAL: Hostalaría e turismo</b>                 |   |                           |
|--|---|---------------------------|
| <b>Certificado de profesionalidade</b>                           |   | <b>Lingua estranxeira</b> |
| <b>Código</b>  | <b>Denominación</b>   |                           |
| HOTA0308   | Recepción en aloxamentos – nivel 3  | Inglés                    |
| HOTG0108   | Creación e xestión de viaxes combinadas e eventos – nivel 3   | Inglés                    |
| HOTG0208   | Venda de produtos e servizos turísticos – nivel 3   | Inglés                    |
| HOTI0108   | Promoción turística local e información ao visitante – nivel 3  | Inglés                    |
| HOTR0209   | Sumillería - nivel 3  | Lingua Estranxeira        |
| HOTR0309   | Dirección en restauración – nivel 3   | Inglés                    |
| HOTR0409   | Xestión de procesos de servizo en restauración – nivel 3  | Inglés                    |
| HOTR0508   | Servizos de bar e cafetería - nivel 2   | Inglés                    |
| HOTR0608   | Servizos de restaurante –nivel 2  | Inglés                    |
| HOTT0112   | Atención a pasaxeiros en transporte ferroviario - nivel 2   | Inglés                    |
| HOTU0111   | Garda de refuxios e albergues de montaña – nivel 2  | Lingua Estranxeira        |
| <b>FAMILIA PROFESIONAL: Transporte e mantemento de vehículos</b> |   |                           |
| <b>Certificado de profesionalidade</b>                           |   | <b>Lingua estranxeira</b> |
| <b>Código</b>  | <b>Denominación</b>   |                           |
| TMVO0212   | Asistencia a pasaxeiros, tripulacións, aeronaves e mercadorías en aeroportos – nivel 2                          | Inglés                    |
| TMVO0111   | Tripulación de cabina de pasaxeiros - nivel 3   | Inglés                    |
| <b>FAMILIA PROFESIONAL: Marítimo- pesqueira</b>                  |   |                           |
| <b>Certificado de profesionalidade</b>                           |   | <b>Lingua estranxeira</b> |
| <b>Código</b>  | <b>Denominación</b>   |                           |
| MAPN0712   | Operacións portuarias de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo – nivel 2                              | Inglés                    |
| <b>FAMILIA PROFESIONAL: Téxtil, confección e pel</b>             |   |                           |
| <b>Certificado de profesionalidade</b>                           |   | <b>Lingua estranxeira</b> |
| <b>Código</b>  | <b>Denominación</b>   |                           |
| TCPF0412   | Asistencia técnica en loxística dos procesos de externalización da produción téxtil, pel e confección – nivel 3 | Inglés                    |
| <b>FAMILIA PROFESIONAL: Seguridade e medio ambiente</b>          |   |                           |



| Certificado de profesionalidade |   | Lingua estranxeira |
|---------------------------------|---|--------------------|
| Código                          | Denominación  |                    |
| SEAD0312                        | Teleoperacións de atención, xestión e coordinación de emerxencias - nivel 3 | Inglés             |

Poderán engadirse novas especialidades formativas que requiran un módulo de Lingua Estranxeira.

## 6. LEXISLACIÓN

- Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional (BOE núm. 147, do 20 de xuño).
- Real Decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (BOE núm. 223, do 17 de setembro).
- Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.
- Real decreto 189/2013, do 15 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.
- Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.
- Orde do 7 de xaneiro de 2014 pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.